# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE DE OUTES
CURSO: 4º A
MATERIA: MATEMÁTICAS, L. CASTELÁ, L. GALEGA, C. NATURAIS, C. SOCIAIS e VALORES SOCIAIS E CÍVICOS.
DATA: 08/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

# ÍNDICE

**1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

**2. Avaliación e cualificación.**

**3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

| 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles | | |
|---|---|---|
| **Criterio de avaliación** | **Estándar de aprendizaxe** | **Competencias clave** |
| **MATEMÁTICAS** | | |
| B1.2. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas. | MTB1.2.1. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisa as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comproba e interpreta as solucións no contexto da situación, busca outras formas de resolución etc. | CMCT<br>CAA<br>CSIEE |
| B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor. | MTB2.2.1. Descompón, compón e redondea números naturais e decimais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras. | CMCT<br>CAA |
| B2.4. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá. | MTB2.4.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división (de ata dúas cifras) con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás. | CMCT<br>CAA |
| B3.2. Operar con diferentes medidas. | MTB3.2.3. Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude. | CMCT |
| B3.4. Coñecer o valor e as equivalencias entre as diferentes | MTB3.4.1. Coñece a función, o valor e as equivalencias | CMCT |

| | | |
|---|---|---|
| moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea. | entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais coma figuradas. | CAA<br>CSC |
| B4.1. Coñecer as figuras planas; cadrado, rectángulo, romboide, triángulo, trapecio e rombo. | Identifica triángulos, cuadriláteros, círculos e circunferencias. | CMCT<br>CAA |
| **LINGUA CASTELÁ E LITERATURA** | | |
| B1.3. Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións. | LCB1.3.1. Participa activamente e con coherencia na secuencia das súas ideas en diversas situacións de comunicación. | CCL<br>CD<br>CAA<br>CSC<br>CSIEE |
| B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía. | LCB2.2.1. Distingue, de forma xeral, entre as diversas tipoloxías textuais en textos do ámbito escolar e social. | CCL<br>CAA |
| B3.7. Utilizar as Tecnoloxías da Información e da Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións. | LCB3.7.1. Usa con axuda Internet e as Tecnoloxías da Información e da Comunicación para escribir, presentar os textos e buscar información. | CCL<br>CD<br>CAA<br>CSIEE |
| B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua. | LCB4.2.1. Coñece, recoñece e usa sinónimos, antónimos, polisémicos ou frases feitas na expresión oral e escrita. | CCL |

| | | |
|---|---|---|
| | LCB4.2.2. Recoñece prefixos e sufixos e é capaz de crear palabras derivadas. | |
| B5.1. Valorar os textos literarios e utilizar a lectura como fonte de lecer e información. | LCB5.1.1. Valora de forma global, as características fundamentais de textos literarios narrativos, poéticos e dramáticos. | CCL<br>CCEC |
| **LINGUA GALEGA E LITERATURA** | | |
| B1.3. Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico. | LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias. | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CSEIEE |
| B2.5. Utilizar as tecnoloxías da información para obter información necesaria para a realización das súas tarefas. | LGB2.5.1. Utiliza, de forma guiada, as tecnoloxías da información para obter información. | CCL<br>CD<br>CAA |
| B3.1. Usar, de maneira xeral, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto | LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe. | CCL<br>CSIEE<br>CAA |
| B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua. | LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes enunciados, palabras e sílabas. | CCL<br>CAA |
| B4.8. Valorar a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e | LGB4.8.1. Identifica e valora a lingua galega dentro da | CCL |

| | | |
|---|---|---|
| pluricultural de España e de Europa. | realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa. | CSC<br>CCEC |
| B5.6. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas, e como recurso de gozo persoal. | LGB5.6.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas, e como recurso de gozo persoal. | CCL<br>CSC<br>CCEC |
| **CIENCIAS NATURAIS** | | |
| B2.1. Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento. | CNB2.1.1. Localiza os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo. | CMCT |
| B3.1. Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais, plantas e rochas do seu contorno próximo, recoñecendo as súas características principais, buscando información en fontes variadas. | Identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados e as plantas. | CMCT |
| B3.2. Planificar, observar e comparar, empregando os instrumentos e o material necesarios e rexistrar de forma cooperativa, algún proceso asociado ao ciclo vital dun ser vivo contrastando os rexistros propios e os dos compañeiros con información doutras fontes. Comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando soportes textuais variados. | CNB3.2.1. Coñece e explica as funcións de relación, reprodución e alimentación. | CMCT |
| B4.1. Identificar, a partir de exemplos da vida cotiá, usos dos recursos naturais e consecuencias do seu uso inadecuado | CNB4.1.1. Identifica e coñece a intervención da enerxía nos cambios da vida cotiá. | CMCT |

| | | |
|---|---|---|
| facendo fincapé no aforro enerxético e no impacto medioambiental. | | CSC |
| B5.1. Manipular e observar o funcionamento de aparellos e máquinas sinxelas simples e das complexas máis habituais e o seu uso na vida cotián. | CNB5.1.1. Identifica algunhas máquinas e aparellos sinxelos e habituais na vida cotiá, analizando o seu funcionamento. | CMCT<br>CSC<br>CSIEE |
| **CIENCIAS SOCIAIS** | | |
| B1.3.Coñecer e utilizar as palabras claves e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais, así como comprender diferentes linguaxes recollidos en textos de carácter social, xeográfico ou histórico. | CSB1.3.1. Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais. | CCL<br>CAA<br>CMCCT<br>CSC |
| B2.5.Explicar que é o tempo atmosférico, coñecer os instrumentos de medida, o seu uso, realizar medicións e interpretacións de gráficos a través dos datos recollidos nunha estación meteorolóxica de cara a facer unha predición do tempo atmosférico para un período de tempo determinado e a comunicación deste empregando mapas do tempo. | CSB2.5.1. Define tempo atmosférico, identifica os distintos instrumentos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos clasificándoos segundo a función e información que proporcionan. | CMCCT<br>CCL<br>CAA |
| B3.3.Coñecer a organización territorial do Estado español e os seus órganos de goberno básicos. | CSB3.3.1. Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España. | CCL<br><br>CSC |
| B4.1.Explicar as características de cada tempo histórico | CSB4.1.2 Explica e valora a importancia da escritura, a | CSC |

| | | |
|---|---|---|
| estudado e certos acontecementos desas épocas que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia. | agricultura e a gandería, como descubrimentos que cambiaron profundamente as sociedades humanas. | CMCCT<br>CCL<br>CCEC |
| **VALORES SOCIAIS E CÍVICOS** | | |
| B1.7. Propoñerse desafíos e levalos a cabo mediante unha toma de decisión persoal, meditada e responsable, desenvolvendo un bo sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais. | VSCB1.7.2. Desenvolve actitudes de respecto e solidariedade cara aos demais en situacións formais e informais da interacción social. | CSC<br><br>CSIEE |
| B2.7. Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas. | VSCB2.7.1. Respecta e acepta as diferenzas individuais. | CSC |
| B3.7. Comprender e valorar a igualdade de dereitos de homes e mulleres, a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e o coidado da familia, argumentando en base a procesos de reflexión, síntese e estruturación. | VSCB3.7.1. Expón de forma argumentada a importancia de valorar a igualdade de dereitos de homes e mulleres, a corresponsabilidade nas tarefas domésticas e o coidado da familia. | CSC<br><br>CCL |

COMPETENCIAS CLAVE

- Comunicación lingüística (CCL)
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)
- Competencia dixital (CD)
- Aprender a aprender (CAA)
- Competencias sociais e cívicas (CSC)

- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- Conciencia e expresións culturais (CCEC)

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos e instrumentos: Observación e seguimento das tarefas realizadas polo alumnado. |
| **Cualificación final** | Na avaliación final ordinaria, terase en conta os resultados das dúas primeiras avaliacións e o traballo realizado durante a actividade lectiva non presencial. Este traballo inclúe actividades de repaso, reforzo e posible ampliación das aprendizaxes que teñan como referentes as competencias clave esenciais para a adecuada progresión do alumnado. |
| **Proba extraordinaria de setembro** | |
| **Avaliación de materia pendentes** | Criterios de avaliación:<br>Ter en conta os sinalados anteriormente para cada materia. |
| | Criterios de cualificación:<br>Teranse en conta os resultados obtidos nas dúas primeiras avaliacións, vendo a evolución a través do traballo realizado durante a actividade lectiva non presencial que só poderá ter valor positivo. |
| | Procedementos e instrumentos de avaliación:<br>Observación e seguimento das tarefas realizadas polo alumnado que teña materias pendentes. |

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de **recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación** das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do alumnado.<br>Ademais a través do blogue propóñense diferentes actividades motivadoras con motivo de conmemoracións como o día do libro, o Pampallín, Letras Galegas, etc. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):** | Dada a complexidade da situación actual que non permite que as sesións poidan levarse a cabo dunha maneira presencial, a metodoloxía estará baseada na comunicación telemática entre titor/a e alumnado a través de chamadas telefónicas, do blogue de aula que está na páxina web do centro e o correo electrónico para solucionar dúbidas e corrección de tarefas. Tamén se empregará o espazo Abalar para manter a comunicación coas familias e videoconferencias coa aplicación Cisco Webex Meetings co alumnado. |
| **Materiais e recursos** | Libros de texto, libretas, material funxible, ordenadores, tablets, móbiles, blogues educativos de elaboración propia e páxina web do centro.<br>Hai que ter en conta que o concello presta un servizo de fotocopiado e escaneado de materiais para o alumnado. |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | A comunicación centro-familias farase a través do espazo Abalar e da páxina web. |
| **Publicidade** | Publicación deste documento na páxina web do centro. |